



**Cerdedo
Cotobade**

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo e Cotobade presenta a seguinte Moción referida ao “REXEITAMENTO ENSANCHE da N-541 ao seu paso por VIASCÓN”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. O Ministerio de Fomento ven facendo intervencións na N-541 ao seu paso polo territorio municipal. Obras acertadas nalgúns casos e outras moi desacertadas e mesmo ampliando tramos a fin de rebaixar a inseguridade vial e logo da recente remodelación a situación é de maior peligrosidade: Calvelo.

2. Dentro desta liña de obras o Ministerio de Fomento, en acordo ou non co Concello de Cotobade, estima oportuno ampliar a plataforma rodada cun carril de servizo na estrada 541 ao seu paso por Viascón así como eliminar os xiros dos automobilistas e o cruce dos peóns entre ámbalas dúas partes da parroquia.

3. A veciñanza de Viascón rexeita o proxecto de ampliación da estrada de xeito oficial e documentada e mesmo organizan unha concentración pacífica, cunha resposta de gran mobilización veciñal, o pasado 21 de outubro de 2018.

4. Este proxecto de ampliación quedara paralizado segundo a Subdelegación do Goberno, máis sen ter constancia oficial da anulación desta obra que suporía a división da parroquia de Viascón.

5. O pasado martes 17 de setembro aparece nos medios de comunicación unha pregunta da ex-Ministra de Fomento Ana Pastor preguntando no Congreso pola evolución do Convenio onde se recollen diversas obras na N-541 e entre elas a de Viascón cando existe un rexeitamento frontal por parte da veciñanza a dito proxecto, xa que se verían moi afectados os negocios existentes a carón da estrada, sen capacidade de cambio de sentido dentro da parroquia e mesmo incrementaría a inseguridade vial peonil no lugar.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Cerdedo e Cotobade acorda **aprobar a seguinte Moción:**

1. Instar ao Goberno Local presidido polo Alcalde Jorge Cubela a solicitar a anulación definitiva do proxecto de ensanche da N-541 ao seu paso por Viascón diante do Ministerio de Fomento dado o rexeitamento do mesmo por parte da veciñanza de Viascón.

Ernesto Filgueira Touriño
35283664P
A 18 de setembro de 2019